

Cultura

OBITUARIO | **ANTONIO PÉREZ PRADO** | Escritor e médico galeguista

A lingua como identificadora da colectividade

Francisco X. Fernández Naval

O escritor e médico Antonio Pérez-Prado (1926) foi enterrado esta madrugada, hora peninsular, no cemiterio da Chacarita en Bos Aires. Fillo de galegos emigrados procedentes de Trasparga (Lugo) e porteño de nacemento, Pérez-Prado foi unha das referencias da comunidade galega na capital arxentina, sobre todo dende a publicación do libro *Los gallegos y Buenos Aires* (1973), reeditado no ano 2007 nunha edición precedida dunha introdución do historiador Xosé M. Núñez Seixas, que sitúa ao autor e a súa obra no contexto do proceso migratorio galego no século XX.

O seu estilo elegante e irónico ao tempo levou a moitos a comparar a súa prosa e, sobre todo, a súa oratoria, co mellor Jorge Luis Borges, autor ao que Pérez-Prado coñeceu e entrevistou, como coñeceu e tratou a todos os escritores bonaerenses coetáneos e a moitos dos in-



Antonio Pérez Prado nunha imaxe recente | MARIBEL LONGUEIRA

telectuais galegos do exilio e da emigración, como Luis Seoane, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Lorenzo Varela e Xosé Neira Vilas, entre outros.

A súa vida, inzada de anécdotas e situacións singulares que a el lle gustaba contar, aderezando sempre o seu relato con tranca e sentido do humor, estivo marcada polo compromiso firme con Galicia, non ten-

do dúbidas ao considerar que a lingua era o elemento que debería identificar á comunidade galega na Arxentina e a Galicia como colectividade, dedicando a ela toda a ilusión, o esforzo e o amor.

Médico do hospital do Centro Galego, especialista en hematoloxía, autor do breve tratado *¿Qué es la sangre?* e dun singular estudio sobre a medicina tradicional galega na obra de Shakespeare, participou en numerosas iniciativas culturais e políticas. Colaborador habitual en medios de comunicación, en particular en Radio Nacional e no suplemento cultural do diario *La Nación*, elaborou o guión do documental *Castelao (biografía de un ilustre gallego)* dirixido polo cineasta arxentino Jorge Prelorán, tamén falecido este ano.

Un dos seus últimos textos figura incluído no libro da fotógrafa Maribel Longueira: *Entremiradas I: Galicia-Bos Aires*.